

Incumprimento dos cadros de persoal coas aulas habilitadas e co profesorado de apoio en EI

A Consellaría incumpre os cadros de persoal cos que se deben dotar os centros de Infantil e Primaria ao non ter en conta as aulas habilitadas. Deste xeito, o que debería implicar un aumento de docentes especialistas polo aumento dunha ou máis unidades, denégase e mantense un número inferior de mestras e mestres ao que corresponde.

Igualmente, asistimos un ano máis ao xogo da Inspección co profesorado de apoio en infantil, ofrecendo ás direccións que non se dote co apoio que por catálogo corresponde a cambio de que non se peche unha unidade ou que se habilite unha nova unidade.

Desde a CIG-Ensino recordámoslle a esta administración que por cada tres unidades de educación infantil ten que haber catro especialistas en educación infantil e que os cadros de persoal deben acomodarse ás unidades reais dos centros, estean oficialmente creadas ou temporalmente habilitadas. [Non dan resposta algunha.](#)

Incidencia no XADE

A nota media da avaliación de 4º da ESO inclúe por erro as notas de relixión e proxecto competencial.

Desde varios centros educativos comunicáronnos no día de onte que a nota media que calcula XADE na avaliación de 4º ESO incluía as materias de Relixión e Proxecto Competencial, un erro que modifica irregularmente a nota media.

A CIG-Ensino trasladou esta incidencia á Dirección Xeral de Ordenación porque tamén nos consta, logo de revisar a incidencia noutros centros, que non en todos se era consciente do erro.

Aconsellamos revisar o resultado da avaliación e

agardemos que a Consellaría resolva este problema con carácter inmediato.

[Vano solucionar, nalgúns casos a solución vai ter que ser manual, comunicaranse cos centros.](#)

Oposicións

Aínda que o goberno do Partido Popular se empeñe en dicir que todo o referente á nosa lingua vai vento en popa a realidade é teimuda e unha vez máis volve demostrar que non é así, temos coñecemento de que ao menos en tribunais de Tecnoloxía e Formación e Orientación Laboral só se deron os enunciados dos temas en castelán, chegando uns dos tribunais a dicir que non a daban en galego xa que no BOE só viñan nesa lingua.

[A administración di que esa actuación é ilegal.](#)

O comezo das oposicións deste ano tamén demostra que a nosa petición dun modo de comunicación directo entre o persoal opositor e o tribunal para comunicar incidencias é completamente necesario, e recordamos que durante o período COVID este sistema xa funcionou. [Non confirman se o van a pór para o ano ou non, din que para este ano non van cambiar nada.](#)

Polos creativos

Chégannos queixas de coordinadoras dun dos programas estrela do goberno do partido popular pero que só ten na súa raíz a propaganda e a publicidade xa que despois dun ano de cursos, formación, viaxes... moitos centros seguen sen recibir ningún material.

[Xa hai algúns lotes de material en entrega. Tiveron problemas coa licitación, primeiro con lotes que quedaron desertos e agora con material que xa non está no mercado.](#)